

ct

O furancho

de
Santiago Cortegoso

(fragmento en galego)

PERSONAXES

DÚAS FURANCHEIRAS.

Non teñen nome. No texto referírense os nomes das actrices-pallasas que as interpretan, das cales son indisociables.

Van vestidas con recreacións de traxes tradicionais galegos, deconstruídos e voltos a reconstruír con criterios de "agroglamour" e de acordo cos estilismos máis "trendies".

MARIÁN leva unha recreación do traxe de peliqueiro, con blusa, chaleco con lazos e unha saia da que colgan pola parte traseira abelorios en forma de chocallos. Vai toda en tons verdes e laranxas fortes.

ISABEL leva traxe de gala, con blusa, unha saia de muselina co lagarto pintado e un dengue tradicional con detalles cromáticos. Vai en tons vermellos e violetas intensos.

Ambas levan media labrada e pololo, por suposto. E unhas faltriqueiras.

Calzan zocos de coiro de deseño con piso de madeira.

Levan o pelo recollido con tocados a base de racimos de uvas do país.

1. Apertura.

Soa a "Muiñeira da Despedida". Entran as furancheiras polo patio de butacas bailando e interaccionando co público. Soben ao fondo do escenario. Fan un pequeno pase de modelos que rematan no proscenio en posturas glamurosas.

MARIÁN

Aquí estamos

ISABEL

dúas expoñentes dunha nova xeración de artistas

MARIÁN

estamos que rebentamos de efervescencia creativa

ISABEL

árdenos por dentro a inspiración

MARIÁN

estamos inflamables

ISABEL

somos pirómanas da escena

MARIÁN

o Monte Pindo queimámolo nós

ISABEL

Galicia quéimase nunha explosión cultural

MARIÁN

non aguanta a presión

ISABEL

nós queremos expresarnos

MARIÁN

mostrar isto que levamos dentro

ISABEL

conquistar o público todos os días

MARIÁN

devecemos por transmitir a nosa visión do mundo

ISABEL
devecemos por espallar o noso talento

MARIÁN
sementamos novas tendencias

ISABEL
desbrozamos as vangardas

MARIÁN
cultivamos as nosas propostas multidisciplinares

ISABEL
tanto facemos unha performance como "costumizamos" un tractor

MARIÁN
tanto confeccionamos dengues como o interiorismo dun alpendre

ISABEL
tanto desenvolvemos os estilismos máis "trendies" como podamos viñas

MARIÁN
temos un pé na leira e outro no ciberespazo

ISABEL
mesturamos o agropecuario co cosmopolita

MARIÁN
fusionamos o étnico coa instalación multimedia

ISABEL
somos "fashion victims" de comareiro

MARIÁN
somos activistas do agro máis "cool"

ISABEL
estercamos o cambio cara a un minifundio sustentable

MARIÁN
universalizamos as esencias do terriño máis elegante

ISABEL
queremos acabar coa inxustiza do sistema global desde o sachazo local

MARIÁN
queremos mobilizar as conciencias adormecidas co "glamour" do pololo

ISABEL
queremos sacar a maioría silenciosa do seu letargo

MARIÁN
pero a xente non está aberta ás novas linguaxes

ISABEL
a xente non esperta do seu sono

MARIÁN
a xente está aburrída de tanta cultura

ISABEL
tanta reflexión sobre o individuo contemporáneo

MARIÁN
sobre as contradicións do capitalismo

ISABEL
tanta crítica da sociedade de consumo

MARIÁN
tanto conflito existencial con esta pseudodemocracia

ISABEL
tanta problemática encol da idiosincrasia galega

MARIÁN
a xente é indiferente aos discursos alternativos

ISABEL
a xente está farta de pensar

MARIÁN
e nós aburrídas de fracasar

ISABEL
de pasar inadvertidas

MARIÁN
ata a punta da cofía

ISABEL
nós queremos triunfar

MARIÁN
queremos trascender

ISABEL
queremos vivir da nosa arte

MARIÁN
queremos montar un negocio próspero

ISABEL
queremos acadar o éxito angazando no que nos gusta

MARIÁN
que podemos facer? (*Vanse xuntar no centro da escena*).

ISABEL
podíamos pedir un "coworking emprende cultura Gaiás"

MARIÁN
na Cidade da Cultura

ISABEL
un programa moi interesante

MARIÁN
pero ninguén sabe o que é

ISABEL
non, claro

MARIÁN
ademais alá arriba non vai ninguén

ISABEL
vai moito frío

MARIÁN
podíamos presentar un proxecto no programa galego de creadoras independentes

ISABEL
que boa pinta ese programa

MARIÁN
pero non existe

ISABEL
entón decidimos facer algo pola nosa conta

MARIÁN
autoxestionarnos

ISABEL
decidimos montar o que lle gusta á xente

MARIÁN
e a xente que quere?

ISABEL
a xente quere distraerse

MARIÁN
está sedenta de evasión

ISABEL
a xente quere esquecerse dos problemas

MARIÁN
estar felices e ignorantes

ISABEL
a xente quere festa

MARIÁN
non haberá cartos para Educación

ISABEL
non haberá cartos para Sanidade

MARIÁN
non haberá cartos para que o presidente teña iate propio

ISABEL
pero para a festa...

MARIÁN
sempre hai cartos para verbenas

ISABEL
procesión, sesión vermú, foguetes, pasarrúas e alboradas

MARIÁN
tírase cos muros que faga falta para que pasen os tráilers de 35 toneladas da Panorama.

ISABEL
veña "wáticos" e decibelios

MARIÁN
alegría e "pachanga"

ISABEL

hai que celebrar o ben que nos vai

MARIÁN

hai que celebrar o éxito do sector naval

ISABEL

hai que celebrar que temos os repolos máis grandes da península

MARIÁN

que a Volta Ciclista chegou á catedral

ISABEL

que levamos dez anos sen que encalle un petroleiro

MARIÁN

que somos unha potencia na acumulación de lixo nas cunetas das estradas

ISABEL

sempre hai un motivo para celebrar

MARIÁN

sempre hai un motivo para mollar a palleta

ISABEL

e se non móllase igual

MARIÁN

á xente o que lle gusta é ir tomar algo

ISABEL

vivimos na cultura do refrixerio

MARIÁN

así que montamos

AS DÚAS

UN FURANCHO!